



O teto ten que estar convenientemente limpo e desinfectado para evitar que posibles contaminantes da pel poidan pasar ao leite

Hixiene do muxido: biocidas, alquimia, mitos e lendas. Non todo vale

Neste artigo expoñemos as principais normas polas cales se rexerán a comercialización e a aplicación dos biocidas destinados á limpeza e á desinfección do muxido, como son a Lei de sanidade animal e o Regulamento relativo á súa comercialización e ao seu uso.

Rafael Arlegui

Xefe de produto de gandería. Kersia

A hixiene do muxido é un dos puntos fundamentais dos que depende o bo funcionamento dunha granxa de vacún leiteiro. Así, o éxito do muxido está estreitamente relacionado tanto co bo manexo das instalacións e do mantemento da máquina do muxido, como coa correcta hixiene do ubre e os tetos.

Neses poucos centímetros que son o teto da vaca e no seu axeitado manexo recae un dos principais puntos críticos do proceso. Como se acostuma a dicir, “nunca tanto dependeu de tan pouco”. En consecuencia, o teto debe ser coidado, limpo e convenientemente desinfectado, tanto antes coma despois do muxido.

O tratamento do teto antes do muxido é necesario para preparalo de cara ao proceso, de forma que non se dane durante a extracción do leite.

► O TRATAMENTO DO TETO ANTES DO MUXIDO É NECESARIO PARA PREPARALO DE CARA AO PROCESO, DE FORMA QUE NON SE DANE DURANTE A EXTRACCIÓN DE LEITE

Deberá estar hidratado e ser elástico para non sufrir polas traccións; o factor cosmético neste punto é de vital importancia. E non só iso. Tamén ten que estar convenientemente limpo e desinfectado para evitar que posibles contaminantes da pel poidan pasar ao leite.

Tras terminar este paso da extracción do leite e unha vez retirada a teteira, faise preciso volver a tratar o teto. Tamén esta vez para cubrir diversas necesidades:

1. A **cosmética**: trátase de recuperar a pel do teto do estrés mecánico exercido no muxido.
2. É necesario **desinfectar de novo** e protexer a pel de posibles patóxenos que puidesen acceder a ela e colonizala, pois neses momentos posmuxido é máis vulnerable ás infeccións.
3. Finalmente, débese **cerrar a canle do leite**, que, por efecto, da succión quedou temporalmente aberta. Hai que selala para evitar

que os microorganismos ascendan por ela, contaminando o ubre co conseguinte risco de mamite. Con todo isto, é fácil entender a importancia que revisten o coidado cosmético, a limpeza e a desinfección dos tetos.

REGULACIÓN DE PRODUCTOS EMPREGADOS NAS DIFERENTES FASES DO MUXIDO

Ao chegar a este punto, cabe falar dos puntos empregados en cada unha das fases, tanto no premuxido coma no posmuxido, os cales habrán de ter diferentes características en función da fase na que se empreguen.

Así, por exemplo, os empregados en premuxido deberán ser capaces de conseguir a desinfección cun curto tempo de contacto, pois aquí o factor tempo é determinante. Non pode pasar moito, non máis dun minuto, dende que estimulemos os tetos ata colocalos na teteira, polo que o ►►

2 Soluciones PREMIUM para el control celular

POWER BLUE MIX



SELLADOR
MARCANTE
DE DIÓXIDO

HMVIR FILM +



SELLADOR CON
NUESTRA EXCLUSIVA
MOLECULA LSA®

POTENTE ACCIÓN
DESINFECTANTE

▼
Fungicidas
Bactericidas
Viricidas

FUERTE EFECTO
MARCANTE

▼
Aplicación
muy visible

REFORZADOS CON
AGENTES COSMÉTICOS

▼
Hidratación hasta
el siguiente
ordeño.

CONSUMO
CONTROLADO

▼
Viscosidad óptima
Sin goteo

NO TE OLVIDES DE CUIDAR
TU EQUIPO DE ORDEÑO



EL NUEVO
NOMBRE
PARA



KERSIA IBÉRICA, S.L. Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com www.kersia-group.com

produto ha de ser capaz de desinfectar en só uns segundos de contacto.

Desde o punto de vista de calidade de leite e seguridade alimentaria, non deben deixar potenciais residuos que poidan acabar no tanque de recolección.

En canto aos produtos empregados no posmuxido, teñen que ser capaces de garantir o selado do teto para evitar o ascenso dos microorganismos pola canle e, ao mesmo tempo, deben ter unha gran capacidade cosmética para recuperar a pel e deixala en óptimas condicións para o seguinte muxido.

Así mesmo, por suposto, é fundamental posuír o suficiente poder desinfectante para eliminar a flora patóxena que puidese colonizar a pel do teto entre os muxidos, aproveitando calquera poro ou microlesión nesta.

Neste contexto e como produtos zoosanitarios que son, a todos eles aplícaselles a normativa de sanidade animal (Lei 8/2003 do 24 de abril de sanidade animal), así como a relativa aos biocidas no caso de que exerzan tal acción de desinfección (Regulamento [UE] N.º 528/2012 relativo á comercialización e ao uso dos biocidas).

Segundo a Lei de sanidade animal, os produtos aplicados sobre os animais deben contar coa pertinente autorización de comercialización por parte do Ministerio, polo que está expresamente prohibida a súa comercialización e, por tanto, o seu uso, se non contan co devandito rexistro. A responsabilidade abarca, como di a lei no seu ámbito de aplicación, a todas as persoas, físicas ou xurídicas, cuxas actividades estean relacionadas cos animais, isto é, fabricantes, comercializadores, veterinarios, visitadores, inspectores, gandeiros etc.

O devandito rexistro ou autorización pode ser de diferentes tipos, segundo o produto exerza unha acción ou outra. Pode ser un produto destinado só á hixiene, entendendo por esta a mera limpeza da pel do animal, ou pode ser un produto destinado á desinfección, co que pasaría a necesitar a cualificación como biocida e ser regulado polo regulamento de biocidas.

Este último punto é importante remarcarlo, pois non é infrecuente atopar produtos que reivindican acción

contra os microorganismos, o que os convertería en biocidas, con rexistro de autorización como produto de hixiene, o cal contravén a Lei de sanidade animal e o regulamento de biocidas, ou, indo máis aló, produtos que na súa etiqueta ou publicidade falan de hixiene, pero sen mostrar ningún tipo de rexistro de autorización nin rexistro que, ademais de telo, é obrigatorio que apareza.

Non vale, por tanto, encubrir os produtos empregados referíndonos a eles como “sanitizantes” ou “hixienizantes”, pois o uso dese termo implica que exercen acción sobre os microorganismos, co que pasan a ser considerados biocidas e necesitan do correspondente rexistro. Así deixou-no claro o Ministerio nunha nota informativa emitida en novembro de 2020.

Sobre este aspecto hai multitude de variantes en canto a irregularidades que se poden atopar en produtos no mercado, que eludiron o control das autoridades sanitarias, e que, por tanto, non ofrecen as debidas garantías, nin desde o punto de vista regulatorio e xurídico, nin desde o da eficacia na súa acción, nin da seguridade no seu uso, tanto para o aplicador como para os animais sobre os que se aplica, nin tampouco no que se refire á seguridade alimentaria do leite.

Ademais, no caso dos produtos biocidas, os que exercen, ou din exercer, acción desinfectante ou de control de microorganismos deberán ser capaces de demostrar tal capacidade mediante probas de eficacia homologadas e seguindo normas estandarizadas internacionalmente, como son as EN europeas ou os seus equivalentes UNE en España.

Estas probas estandarizadas serven para establecer a eficacia dos produtos e poder comparar, realmente, uns con outros nas mesmas condicións de concentración, temperatura, tempo de contacto, substancia interferente etc.

Se non é posible acreditar a eficacia desinfectante dun produto, non podemos estar seguros de que vaia funcionar á hora de aplicalo, co consecuente risco de fallos na hixiene. E a consecuencia é evidente, diminución da calidade de leite, aumento do número de mamite e perda económica, de saúde e benestar animal. ►►

► NON PODE PASAR MOITO, NON MÁIS DUN MINUTO, DENDE QUE ESTIMULEMOS OS TETOS ATA COLOCALOS NA TETOEIRA

Mención á parte merecen os “remedios” caseiros –en ocasións disfrazados de “fórmulas maxistrais”, sen selo nin achegarse–, coma se de alquimias medievais se tratase, elaborados a criterio persoal, combinando diferentes produtos de hixiene ou desinfectantes de uso doméstico. Tal é o caso de combinacións de xabóns ou lavalouzas con lixivia coa intención de substituír os produtos habituais. Neste caso incúmprense todos os puntos da regulamentación, carécese do pertinente rexistro e control das autoridades sanitarias, non se pode demostrar a eficacia, nin hai control sobre os posibles riscos na aplicación os animais ou persoas, nin a presenza de residuos en leite etc.

Na mesma liña, podemos atopar preparados que aluden á súa orixe natural para facer entender que isto é sinónimo de inocuidade e bondade. Isto non é máis que outro truco, pois poucas cousas máis naturais que o veneno dunha víbora do Gabón ou unha mamite ambiental, por exemplo, que non son nada saudables.

De feito, no caso de que devandito produto afirme, ou suxira, exercer acción desinfectante, o Regulamento de biocidas, nos seus apartados sobre publicidade e etiquetaxe, prohibe expresamente facer estas mencións ou inducir a erro sobre o seu perigo. Desta forma, sobre a etiquetaxe ou a publicidade di: “[...] que o biocida non induza a erro en canto aos riscos que o produto presenta para a saúde humana ou animal ou o medio ambiente ou en canto á súa eficacia e, en calquera caso, que non inclúan as mencións ‘biocida de baixo risco’, ‘non tóxico’, ‘inofensivo’, ‘natural’, ‘respectuoso co medio ambiente’, ‘respectuoso cos animais’ ou similares”.

De igual maneira, os produtos que se empregan para a máquina de muxido, se a súa función é desinfectar, tamén han de ter o rexistro e a autorización do Ministerio como produtos aplicados en superficies en contacto con alimentos, con eficacia demostrada e asegurándonos de que despois non quedarán residuos que puidesen terminar no tanque.

Ao fio do visto ata agora, se un composto inclúe na súa composición unha substancia biocida, un desinfectante neste caso, deberá ser rexistrado como tal desinfectante

sen que poida facerse pasar por un produto sen esa actividade. É o caso, por exemplo, dun deterxente alcalino que incorpore cloro. Deberá ser rexistrado como desinfectante –biocida–, pois o cloro exerce esa acción, sen que poida facerse pasar por un simple deterxente.

Deste xeito, como toda a normativa respecto diso ten como obxecto e espírito a protección da saúde e do benestar de animais e persoas, así como evitar posibles danos ao medio ambiente, debe prestárselle atención ao seu cumprimento.

Os produtos utilizados deberán atoparse debidamente rexistrados, ademais de estar formulados con substancias activas aprobadas a tal fin. Han de ser empregados debidamente e seguindo as instrucións do fabricante.

Finalmente, é responsabilidade de todos os implicados na cadea –desde o fabricante, distribuidor e prescriptor ata o usuario final– o cumprimento das devanditas normas, sen que poida escusarse o seu incumprimento no descoñecemento da citada norma. ■

► SE NON É POSIBLE ACREDITAR A EFICACIA DESINFECTANTE DUN PRODUTO, NON PODEMOS ESTAR SEGUROS DE QUE VAIA FUNCIONAR Á HORA DE APLICALO, CO CONSEQUENTE RISCO DE FALLOS NA HIXIENE

BIBLIOGRAFÍA

Lei 8/2003 do 24 de abril de sanidade animal

Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de maio de 2012 relativo á comercialización e ao uso dos biocidas

Nota informativa sobre o uso dos termos hixienizante/sanitizante, Ministerio de Sanidade, novembro de 2020